




**A EDUCACIÓN É COUSA DE
TODOS E TODAS.
GRAZAS POR COLABORAR!**



EMPEZA O COLE!

BENVIDOS E BENVIDAS!

**EQUIPO ED. INFANTIL
CURSO 2023-24**

ADAPTACIÓN

Para que a adaptación ao cole sexa o máis doada posible para todos e todas, facilitámosvos algunhas recomendacións que poden mellorar este tránsito da casa ou escola infantil de 1º ciclo, ao cole de “maiores”, 2º ciclo.

A *actitude dos proxenitores* ante o inicio das clases inflúe de forma significativa no comportamento e actuación dos nenos e nenas. Os pais e nais que amosen maior ansiedade, inquietude, temor e inseguridade ante o feito de levar ao seu fillo/a ao cole “asóciase” con nenos/as que viven esta situación do mesmo xeito. Para que desde o entorno familiar se facilite a adaptación escolar recomendámosvos as seguintes pautas de actuación:

- **Comezar a adaptación na casa:** para que o inicio á escola non supoña un cambio brusco nos hábitos diarios do neno/a, é necesario, nas semanas previas, adaptar de forma progresiva *os horarios de sono e as comidas*.
- **Empezar a comprar o material :** É importante facer a compra de *material escolar* con tempo, decidir quen o vai levar ao cole e quen o recollerá. Tamén convén levantarse con tempo suficiente para facer as cousas con tranquilidade e evitar posibles contratempos. Chegar con presas ao primeiro día de cole non é nada recomendable
- **Anima ao teu fillo, créalle ilusión:** Axiña chegará “o teu gran día”, coñeceras aos teus novos amigos/as e mestres, aprenderás moitas cousas,... Explícalle ao teu pequeno/a os beneficios de ir ao cole! Evitar comentarios negativos ou utilizar o cole como ameaza.
- **Explícalle como vai ser todo:** Hai que falar do cole, que farán na clase, quen lles atenderá, para que sirva o cole,...
- **Reforzar a súa autonomía:** para que o neno/a poida enfrontarse con seguridade á nova situación é aconsellable reforzar e conseguir antes do inicio de curso *hábitos de autonomía*, como o *control de esfínteres*, beber auga sen axuda ou recoñecer a súa roupa e obxectos. Que sexa capaz de comunicar o seu nome e o das persoas máis próximas e que sexa capaz de comer só, usando culler e garfo aceptablemente, aínda que se manchen ou derramen algo. Procurar que a roupa para o cole sexa tipo chándal, pantalóns con goma na cintura e zapatos sen cordóns. Cando aprendan a facer unha cousa por si mesmo, procurar non seguir facéndollo vós.
- **Desdramatizar as despedidas:** deben ser *breves e alegres*. É recomendable evitar os chantaxes tipo “se choras póñome triste” e mentir con frases como “veño enseguida”, ou irse sen que se dea conta. Non enganes ao teu fillo/a. Hai que recordarlle sempre que se volverá a recollelo. No caso de choros e rabechas, débese responder con tenrura e comprensión pero con firmeza, e non prolongar a despedida.
- **Manter unha comunicación fluída coa titora:** os pais deben acudir ás entrevistas e asembleas previas (**sen nenos/as**) que se organicen no Centro para coñecer á titora e facilitar toda a información posible sobre o pequeno/a. É importante acudir á mestra ante calquera inquietude, pero sen intentar acaparar a súa atención en momentos delicados, como son a saída e a entrada do aula, cando ten que atender a todo o alumnado. É fundamental, seguir as normas que o Centro estableceza.
- **Mostrar interese:** para reforzar a adaptación escolar, os pais deben amosar interese polas súas actividades, preguntarlles ao saír do cole que fixo, como o pasou e os nomes dos compañeiros/as novos a quen coñeceu, pero sen angustialo.